# III. ORGANISMOS AUTÓNOMOS

En definición do artigo 11 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia os organismos autónomos son entes institucionais de dereito público, dotados de personalidade xurídica e patrimonio propios, que realizan en réxime de descentralización administrativa funcións ou actividades da competencia da Comunidade Autónoma.

Dependendo das actividades que teñan encomendas estes organismos poden ser de carácter comercial ou análogo, cando realicen principalmente actividades desa natureza ou calquera outra de tipo mercantil, e de carácter administrativo, no caso de que as súas actividades sexan distintas das do suposto anterior.

A creación e supresión dos organismos autónomos ten que realizarse necesariamente por lei.

## *1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS*

Os organismos autónomos administrativos teñen como finalidade a organización e xestión de servizos públicos de carácter non mercantil que implican unha actividade que polas súas especiais características, e por razóns de eficiencia, fan aconsellable a súa xestión en réxime de descentralización a través de órganos diferentes dos da Administración Xeral.

No actual exercicio estes organismos aparecen dotados con créditos por importe de 3.232,3 millóns de euros, que superan nun 11,1% aos asignados no ano 2005. Desa cantidade, un 94,8% corresponde ao Servizo Galego de Saúde, que xestiona os orzamentos cuantitativamente máis elevados de toda a Administración Autonómica, e un 4,3% a Augas de Galicia, repartíndose entre os outros seis organismos autónomos o 0,9% restante.

O seu financiamento gravita case exclusivamente sobre as transferencias, que representan o 97,6% dos ingresos totais. As que corresponden ao Servizo Galego de Saúde forman parte, maioritariamente, dos recursos sanitarios asignados a Galicia dentro do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común. Como excepción, en Augas de Galicia o 25,1% dos seus ingresos son de natureza tributaria, na súa maior parte proporcionados polo Canon de Saneamento.

**Orzamento dos organismos autónomos administrativos**

Cadro nº 93

Ingresos

(Miles de euros)

| | III | IV | V | VII | VIII | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Serv. Galego Promoción Iguald. H-M | | 10.426 | | | | **10.426** |
| Escola Galega de Admón. Pública | | 3.678 | | 896 | | **4.574** |
| C. de Estudios Xudic e S. P. Galicia | | 2.150 | | | | **2.150** |
| Instituto Galego de Estatística | | 3.290 | | 1.804 | | **5.094** |
| Trib. Galego de Defensa da Compet. | | 803 | | 90 | | **893** |
| Instituto Galego de Consumo | 180 | 4.723 | 13 | 1.613 | | **6.529** |
| Servizo Galego de Saúde | 40.472 | 3.023.230 | | | 625 | **3.064.327** |
| Augas de Galicia | 34.658 | 3.425 | 190 | 100.056 | | **138.328** |
| **TOTAL** | ***75.310*** | ***3.051.724*** | ***203*** | ***104.459*** | ***625*** | ***3.232.321*** |

Como corresponde á condición preponderante de prestadores de servizos que corresponde a estes organismos, a maior parte da súa actividade canalízase a través de operacións correntes, aínda que novamente Augas de Galicia constitúe, neste caso, unha excepción, xa que desempeña un importante papel na execución de investimentos en materia de infraestruturas de recursos hidráulicos e de protección e mellora do medio ambiente, ben directamente, por medio do capítulo VI, ou indirectamente, mediante transferencias do capítulo VII a favor da sociedade Obras e Servizos Hidráulicos, polo que un 95,7% do seu orzamento está destinado a gastos de capital.

## Orzamento dos organismos autónomos administrativos

Cadro nº 94

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos I | II | IV | V | VI | VII | VIII | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Serv. Galego Promoción Iguald. H-M | 856 | 1.137 | 8.433 | | | | | **10.426** |
| Escola Galega de Admón. Pública | 899 | 2.460 | 319 | | 896 | | | **4.574** |
| C. de Estudios Xudic e S. P. Galicia | 682 | 1.468 | | | | | | **2.150** |
| Instituto Galego de Estatística | 2.762 | 446 | 82 | | 1.804 | | | **5.094** |
| Trib. Galego de Defensa da Compet. | 437 | 336 | 30 | | 90 | | | **893** |
| Instituto Galego de Consumo | 3.953 | 485 | 478 | | 1.303 | 310 | | **6.529** |
| Servizo Galego de Saúde | 1.224.686 | 732.300 | 915.742 | 57.681 | 132.200 | 1.093 | 625 | **3.064.327** |
| Augas de Galicia | 4.577 | 1.242 | 93 | | 20.640 | 111.776 | | **138.328** |
| **TOTAL** | **1.238.852** | **739.874** | **925.177** | **57.681** | **156.933** | **113.179** | **625** | ***3.232.321*** |

## Financiamento dos OO.AA. administrativos

Cadro nº 95

(Miles de Euros)

| | Recursos Propios | Transferencias: Da Comunidade Autónoma | Transferencias: Outras | Total |
|---|---|---|---|---|
| SGPIH-M | | 10.426 | | 10.426 |
| % | | 100,00 | | 100,00 |
| EGAP | | 4.574 | | 4.574 |
| % | | 100,00 | | 100,00 |
| CEXESPG | | 2.150 | | 2.150 |
| % | | 100,00 | | 100,00 |
| IGE | | 5.094 | | 5.094 |
| % | | 100,00 | | 100,00 |
| TGDC | | 893 | | 893 |
| % | | 100,00 | | 100,00 |
| IGC | 193 | 6.336 | | 6.529 |
| % | 2,96 | 97,04 | | 100,00 |
| SERGAS | 41.097 | 2.886.921 | 136.309 | 3.064.327 |
| % | 1,34 | 94,21 | 4,45 | 100,00 |
| AUGAS | 34.848 | 100.528 | 2.952 | 138.328 |
| % | 25,19 | 72,68 | 2,13 | 100,00 |
| **TOTAL** | **76.138** | **3.016.922** | **139.261** | **3.232.321** |
| % | 2,36 | 93,33 | 4,32 | 100,00 |

Os orzamentos de ingresos e gastos de cada un destes organismos autónomos así como unha referencia a súa finalidade e lei constitutiva, figuran a continuación.

## Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

Foi creado pola Lei 3/1999, do 14 de xaneiro, coa finalidade de impulsar a equiparación efectiva dos dereitos do home e da muller, facilitando a integración desta última nos ámbitos sociais, cultural, educativo, económico e político de Galicia. Figura adscrito á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

**Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller**

Cadro nº 96

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IV | Transferencias correntes | 9.407 | 10.426 | 1.019 | 10,8 | 96,9 | 100,0 |
| VII | Transferencias de capital | 303 | 0 | -303 | -100,0 | 3,1 | 0,0 |
| | **TOTAL** | **9.710** | **10.426** | **716** | **7,4** | **100** | **100** |

**Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller**

Cadro nº 97

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 935 | 856 | -79 | -8,5 | 9,6 | 8,2 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 911 | 1.137 | 226 | 24,8 | 9,4 | 10,9 |
| IV | Transferencias correntes | 7.561 | 8.433 | 872 | 11,5 | 77,9 | 80,9 |
| VI | Investimentos reais | 114 | 0 | -114 | -100,0 | 1,2 | 0,0 |
| VII | Transferencias de capital | 189 | 0 | -189 | -100,0 | 1,9 | 0,0 |
| | **TOTAL** | **9.710** | **10.426** | **716** | **7,4** | **100** | **100** |

## Escola Galega de Administración Pública

Foi creada pola Lei 4/1987, do 27 de maio. Figura adscrita á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e ten encomendadas actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración autonómica, así como o desenvolvemento de traballos de investigación, estudo e divulgación en materia de administración pública.

### Escola Galega de Administración Pública

Cadro nº 98

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 13 | | -13 | -100,0 | 0,4 | 0,0 |
| IV | Transferencias correntes | 3.513 | 3.678 | 165 | 4,7 | 97,9 | 80,4 |
| VII | Transferencias de capital | 61 | 896 | 835 | 1370,1 | 1,7 | 19,6 |
| | **TOTAL** | **3.587** | **4.574** | **987** | **27,5** | **100** | **100** |

### Escola Galega de Administración Pública

Cadro nº 99

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 867 | 899 | 32 | 3,6 | 24,2 | 19,6 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 2.368 | 2.460 | 92 | 3,9 | 66,0 | 53,8 |
| IV | Transferencias correntes | 226 | 319 | 93 | 41,3 | 6,3 | 7,0 |
| VI | Investimentos reais | 126 | 896 | 770 | 611,0 | 3,5 | 19,6 |
| | **TOTAL** | **3.587** | **4.574** | **987** | **27,5** | **100** | **100** |

## Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia

Este organismo, creado pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, desempeña funcións de formación e perfeccionamento do persoal da Administración de Xustiza transferido á Comunidade Autónoma, así como de formación profesional dos membros da policía autonómica e local e dos corpos de bombeiros. Figura adscrita á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

### Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia

Cadro nº 100

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IV | Transferencias correntes | 2.000 | 2.150 | 150 | 7,5 | 100,0 | 100,0 |
| | **TOTAL** | **2.000** | **2.150** | **150** | **7,5** | **100** | **100** |

### Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia

Cadro nº 101

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 658 | 682 | 24 | 3,6 | 32,9 | 31,7 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 1.342 | 1.468 | 126 | 9,4 | 67,1 | 68,3 |
| | **TOTAL** | **2.000** | **2.150** | **150** | **7,5** | **100** | **100** |

## Instituto Galego de Estatística

Creado pola Lei 9/1998, do 18 de xullo, ten encomendada a dirección, elaboración e coordinación da actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma, así como a difusión e a análise da información e as relacións cos restantes organismos homólogos de caracter autonómico, estatal e internacional. Figura adscrito á Consellería de Economía e Facenda.

### Instituto Galego de Estatística

Cadro nº 102

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IV | Transferencias correntes | 3.143 | 3.290 | 147 | 4,7 | 63,9 | 64,6 |
| VII | Transferencias de capital | 1.774 | 1.804 | 30 | 1,7 | 36,1 | 35,4 |
| | **TOTAL** | **4.917** | **5.094** | **177** | **3,6** | **100** | **100** |

### Instituto Galego de Estatística

Cadro nº 103

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 2.666 | 2.762 | 96 | 3,6 | 54,2 | 54,2 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 421 | 446 | 25 | 5,9 | 8,6 | 8,8 |
| IV | Transferencias correntes | 56 | 82 | 26 | 47,2 | 1,1 | 1,6 |
| VI | Investimentos reais | 1.774 | 1.804 | 30 | 1,7 | 36,1 | 35,4 |
| | **TOTAL** | **4.917** | **5.094** | **177** | **3,6** | **100** | **100** |

## Tribunal Galego de Defensa da Competencia

Creado pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, ten encomendada a salvagarda do funcionamento competitivo dos mercados dentro da Comunidade Autónoma. Figura adscrito á Consellería de Economía e Facenda.

**Tribunal Galego de Defensa da Competencia**

Cadro nº 104

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IV | Transferencias correntes | 726 | 803 | 77 | 10,6 | 89,0 | 89,9 |
| VII | Transferencias de capital | 90 | 90 | 0 | 0,0 | 11,0 | 10,1 |
| | **TOTAL** | **816** | **893** | **77** | **9** | **100** | **100** |

**Tribunal Galego de Defensa da Competencia**

Cadro nº 105

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 426 | 437 | 11 | 2,6 | 52,2 | 48,9 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 300 | 336 | 36 | 12,0 | 36,8 | 37,6 |
| IV | Transferencias correntes | | 30 | 30 | | 0,0 | 3,4 |
| VI | Investimentos reais | 90 | 90 | 0 | 0,0 | 11,0 | 10,1 |
| | **TOTAL** | **816** | **893** | **77** | **9** | **100** | **100** |

## Instituto Galego de Consumo

Foi creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro, como organismo encargado do desenvolvemento de accións específicas de información e defensa dos consumidores e usuarios. Figura adscrito á Consellería de Innovación e Industria.

### Instituto Galego de Consumo

Cadro nº 106

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | Variac. 06 / 05 % | Valor Relat. 2005 | Valor Relat. 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 160 | 180 | 20 | 12,5 | 2,7 | 2,8 |
| IV | Transferencias correntes | 4.203 | 4.723 | 520 | 12,4 | 70,3 | 72,3 |
| V | Ingresos patrimoniais | 13 | 13 | 0 | 0,0 | 0,2 | 0,2 |
| VII | Transferencias de capital | 1.600 | 1.613 | 13 | 0,8 | 26,8 | 24,7 |
| | **TOTAL** | **5.976** | **6.529** | **553** | **9,3** | **100** | **100** |

### Instituto Galego de Consumo

Cadro nº 107

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | Variac. 06 / 05 % | Valor Relat. 2005 | Valor Relat. 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 3.510 | 3.953 | 443 | 12,6 | 58,7 | 60,5 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 387 | 485 | 98 | 25,3 | 6,5 | 7,4 |
| IV | Transferencias correntes | 479 | 478 | -1 | -0,2 | 8,0 | 7,3 |
| VI | Investimentos reais | 1.291 | 1.303 | 12 | 1,0 | 21,6 | 20,0 |
| VII | Transferencias de capital | 309 | 310 | 1 | 0,3 | 5,2 | 4,7 |
| | **TOTAL** | **5.976** | **6.529** | **553** | **9,3** | **100** | **100** |

## Servizo Galego de Saúde

Dentro do marco normativo da Lei Xeral de Sanidade do ano 1986, que configura un sistema sanitario de carácter integrado, financiamento público e prestación universal, o Servizo Galego de Saúde foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, coa finalidade de xestionar os recursos sanitarios dependentes da Comunidade Autónoma e de levar a cabo a coordinación de todos os servizos dese carácter existentes dentro do seu ámbito territorial.

Dotado en principio dun sistema específico de financiamento derivado do establecido na Lei Xeral de Sanidade, que no caso de Galicia permitiu durante os primeiros anos crecementos notablemente superiores aos do PIB, o acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 27 de xullo, de 2001, e a posterior aprobación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, supuxeron un radical cambio de modelo, que no sucesivo quedou integrado dentro do sistema xeral de financiamento das Comunidades Autónomas.

As medidas aprobadas na II Conferencia de Presidentes das Comunidades Autónomas, celebrada no pasado exercicio, e o desenvolvemento das mesmas efectuado polo Consello de Política Fiscal e Financeira, seguido da promulgación do Real decreto-lei 12/2005, do 16 de setembro, proporcionan novos recursos adicionais a un sistema sometido a continuas tensións derivadas do crecemento do gasto, sen modificar o actual modelo de financiamento en tanto se avanza na súa revisión.

**Servizo Galego de Saúde**

Cadro nº 108

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 38.354 | 40.472 | 2.118 | 5,5 | 1,4 | 1,3 |
| IV | Transferencias correntes | 2.712.598 | 3.023.230 | 310.633 | 11,5 | 98,6 | 98,7 |
| VII | Transferencias de capital | 144 | | -144 | -100,0 | 0,0 | 0,0 |
| VIII | Activos financeiros | 625 | 625 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| | **TOTAL** | **2.751.721** | **3.064.327** | **312.606** | **11,4** | **100** | **100** |

## Servizo Galego de Saúde

Cadro nº 109

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 1.119.411 | 1.224.686 | 105.275 | 9,4 | 40,7 | 40,0 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 607.703 | 732.300 | 124.597 | 20,5 | 22,1 | 23,9 |
| IV | Transferencias correntes | 846.836 | 915.742 | 68.906 | 8,1 | 30,8 | 29,9 |
| V | Fondo de continxencia | 50.909 | 57.681 | 6.772 | 13,3 | 1,9 | 1,9 |
| VI | Investimentos reais | 125.144 | 132.200 | 7.056 | 5,6 | 4,5 | 4,3 |
| VII | Transferencias de capital | 1.093 | 1.093 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| VIII | Activos financeiros | 625 | 625 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| | **TOTAL** | **2.751.721** | **3.064.327** | **312.606** | **11,4** | **100** | **100** |

## Evolución do Presuposto do SERGAS 1991-2006

Gráfico nº 23




*(Millóns de euros)*

### Augas de Galicia

Organismo creado pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da administración hidráulica de Galicia. Está configurado como o elemento central da estrutura organizativa establecida para o desenvolvemento da política de recursos hidráulicos e para a execución das obras públicas

correspondentes. Desempeña igualmente funcións de policía e control dos verquidos realizados desde terra ao litoral. Figura adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

## Augas de Galicia

Cadro nº 110

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | Variac. 06 / 05 % | Valor Relat. 2005 | Valor Relat. 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 32.723 | 34.658 | 1.935 | 5,9 | 25,0 | 25,1 |
| IV | Transferencias correntes | 3.073 | 3.425 | 352 | 11,5 | 2,4 | 2,5 |
| V | Ingresos patrimoniais | 125 | 190 | 65 | 52,0 | 0,1 | 0,1 |
| VII | Transferencias de capital | 94.805 | 100.056 | 5.251 | 5,5 | 72,5 | 72,3 |
| | **TOTAL** | **130.726** | **138.329** | **7.603** | **5,8** | **100** | **100** |

## Augas de Galicia

Cadro nº 111

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | Variac. 06 / 05 % | Valor Relat. 2005 | Valor Relat. 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 4.417 | 4.578 | 161 | 3,7 | 3,4 | 3,3 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 1.143 | 1.242 | 99 | 8,7 | 0,9 | 0,9 |
| IV | Transferencias correntes | | 93 | 93 | | 0,0 | 0,1 |
| VI | Investimentos reais | 26.250 | 20.640 | -5.610 | -21,4 | 20,1 | 14,9 |
| VII | Transferencias de capital | 98.916 | 111.776 | 12.860 | 13,0 | 75,6 | 80,7 |
| | **TOTAL** | **130.726** | **138.329** | **7.603** | **5,8** | **100** | **100** |

## 2. *ORGANISMOS AUTÓNOMOS COMERCIAIS OU ANÁLOGOS*

Esta clase de organismos desenvolve preferentemente actividades de tipo comercial e financeiro, ou calquera outra de carácter mercantil.

Esa peculiaridade trasládase aos seus orzamentos, dos que forman parte unha serie de estados financeiros ( conta de operacións comerciais, conta de explotación, estado demostrativo da variación do fondo de manobra, e cadro de financiamento) similares aos das sociedades mercantís, ademais dos estados de gastos e ingresos comúns cos organismos autónomos administrativos.

**Orzamento dos organismos comerciais, industriais, financeiros ou análogos**

Cadro nº 112

Ingresos

(Miles de euros)

| | III | IV | V | VI | VII | VIII | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Fondo Galego de Garantía Agraria | | 4.341 | 50 | | 58.273 | | **62.664** |
| Instit. Galego das Artes Esc. e Mus. | | 2.946 | 421 | | 4.445 | | **7.812** |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 1.318 | 5.120 | 1.243 | 72.000 | 17.225 | 30 | **96.936** |
| **TOTAL** | **1.318** | **12.407** | **1.714** | **72.000** | **79.943** | **30** | ***167.412*** |

**Orzamento dos organismos comerciais, industriais, financeiros ou análogos**

Cadro nº 113

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | III | IV | VI | VII | VIII | TOTAL |
| Fondo Galego de Garantía Agraria | 3.355 | 846 | | 191 | 2.498 | 55.774 | | **62.664** |
| Instit. Galego das Artes Esc. e Mus. | 2.023 | 732 | | 191 | 4.866 | | | **7.812** |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 6.300 | 610 | 700 | 71 | 77.269 | 6.600 | 5.386 | **96.936** |
| **TOTAL** | **11.678** | **2.188** | **700** | **453** | **84.633** | **62.374** | **5.386** | ***167.412*** |

En conxunto, os orzamentos destes organismos experimentan un acusado descenso, un 20,5%, respecto ao pasado exercicio, que se reparte de forma moi dispar. O IGVS cede á nova Consellería de Vivenda e Solo, á que figura adscrito, unha gran parte das actuacións desenvoltas en anos anteriores a través dos capítulos de transferencias correntes e de capital. Mentres que o FOGGA, en sentido contrario, incrementa notablemente os seus orzamentos ao dispoñer de fondos do FEOGA-Garantía por contía moi superior á do ano 2005. Con todo, a actividade dos organismos autónomos comerciais sigue estando substancialmente ligada á realización de investimentos, que absorben no actual exercicio o 91,0% da súa capacidade de gasto.

En canto ao financiamento, no FOGGA e o IGAEM a maior parte dos seus recursos proceden de transferencias correntes e de capital. O IGVS dispón en cambio de importantes ingresos propios, procedentes maioritariamente do alleamento de inmobles asociado a súa actividade principal.

**Financiamento dos OO.AA. comerciais**

Cadro nº 114

(Miles de Euros)

| | Recursos Propios | Transferencias Da Comunidade Autónoma | Transferencias Outras | Total |
|---|---|---|---|---|
| FOGGA | 50 | 62.614 | | 62.664 |
| % | 0,08 | 99,92 | 0,00 | 100,00 |
| IGAEM | 421 | 7.391 | | 7.812 |
| % | 5,39 | 94,61 | 0,00 | 100,00 |
| IGVS | 74.592 | 21.744 | 600 | 96.936 |
| % | 76,95 | 22,42 | 0,62 | 100,00 |
| **TOTAL** | **75.063** | **91.749** | **600** | **167.412** |
| % | 44,84 | 54,80 | 0,36 | 100,00 |

## Fondo Galego de Garantía Agraria

Creado pola lei 7/1994, do 29 de decembro, baixo o nome de Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia, a lei de acompañamento dos orzamentos do ano 2003 modificou a súa denominación, que pasou a ser a actual. Ten por finalidade a execución das políticas referentes á ordenación e fomento do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo as actuacións necesarias para a aplicación da Política Agraria Común (PAC) no ámbito galego. Figura adscrito á Consellería do Medio Rural.

**Fondo Galego de Garantía Agraria**

Cadro nº 115

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IV | Transferencias correntes | 4.155 | 4.341 | 186 | 4,5 | 10,6 | 6,9 |
| V | Ingresos patirmoniais | 57 | 50 | -7 | -11,7 | 0,1 | 0,1 |
| VII | Transferencias de capital | 34.970 | 58.273 | 23.303 | 66,6 | 89,3 | 93,0 |
| | **TOTAL** | **39.182** | **62.664** | **23.482** | **59,9** | **100** | **100** |

**Fondo Galego de Garantía Agraria**

Cadro nº 116

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 3.236 | 3.355 | 119 | 3,7 | 8,3 | 5,4 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 785 | 846 | 61 | 7,7 | 2,0 | 1,3 |
| IV | Transferencias correntes | 190 | 191 | 1 | 0,5 | 0,5 | 0,3 |
| VI | Investimentos reais | 2.265 | 2.498 | 233 | 10,3 | 5,8 | 4,0 |
| VII | Transferencias de capital | 32.706 | 55.774 | 23.068 | 70,5 | 83,4 | 89,0 |
| | **TOTAL** | **39.182** | **62.664** | **23.482** | **59,9** | **100** | **100** |

## Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

Este organismo autónomo, creado pola Lei 4/1989, do 21 de abril, modificada pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro, ten encomendado o desenvolvemento da política cultural da Xunta de Galicia, así como a promoción de actividades artísticas, en materia de teatro, danza e música. Figura adscrito á Consellería de Cultura e Deporte.

### Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

Cadro nº 117

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IV | Transferencias correntes | 2.853 | 2.946 | 93 | 3,3 | 37,0 | 37,7 |
| V | Ingresos patrimoniais | 414 | 421 | 7 | 1,7 | 5,4 | 5,4 |
| VII | Transferencias de capital | 4.445 | 4.445 | 0 | 0,0 | 57,6 | 56,9 |
| | **TOTAL** | **7.712** | **7.812** | **100** | **1,3** | **100** | **100** |

### Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

Cadro nº 118

Gastos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 1.930 | 2.023 | 93 | 4,8 | 25,0 | 25,9 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 725 | 732 | 7 | 1,0 | 9,4 | 9,4 |
| IV | Transferencias correntes | 191 | 191 | 0 | 0,0 | 2,5 | 2,4 |
| VI | Investimentos reais | 4.866 | 4.866 | 0 | 0,0 | 63,1 | 62,3 |
| | **TOTAL** | **7.712** | **7.812** | **100** | **1,3** | **100** | **100** |

## Instituto Galego da Vivenda e Solo

Foi creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, coa finalidade de realizar actividades de promoción, equipamento e ordenación do solo, vivenda e urbanismo, materias nas que a Comunidade Autónoma ten atribuídas competencias de carácter exclusivo. Figura adscrito á Consellería de Vivenda e Solo.

**Instituto Galego da Vivenda e Solo**

Cadro nº 119

Ingresos

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 1.319 | 1.318 | -1 | 0,0 | 0,8 | 1,3 |
| IV | Transferencias correntes | 9.572 | 5.120 | -4.452 | -46,5 | 5,9 | 5,3 |
| V | Ingresos patrimoniais | 1.384 | 1.243 | -141 | -10,1 | 0,8 | 1,3 |
| VI | Alleamento de investimentos reais | 72.688 | 72.000 | -688 | -0,9 | 44,4 | 74,3 |
| VII | Transferencias de capital | 78.661 | 17.225 | -61.436 | -78,1 | 48,1 | 17,8 |
| VIII | Activos financeiros | 30 | 30 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| | **TOTAL** | **163.654** | **96.936** | **-66.718** | **-40,8** | **100** | **100** |

A lei de orzamentos do actual exercicio autoriza ao IGVS para concertar préstamos hipotecarios subrogables, por un importe máximo de 24 millóns de euros, con destino ao financiamento de actuacións en materia de vivenda.

**Instituto Galego da Vivenda e Solo**

Gastos

Cadro nº 120

(Miles de euros)

| | Capítulos | 2005 | 2006 | Variac. 06 / 05 Importe | % | Valor Relat. 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 6.521 | 6.300 | -221 | -3,4 | 4,0 | 6,5 |
| II | Gastos en bens corrent. e servizos | 2.389 | 610 | -1.779 | -74,5 | 1,5 | 0,6 |
| III | Gastos financeiros | 700 | 700 | 0 | 0,0 | 0,4 | 0,7 |
| IV | Transferencias correntes | 2.664 | 71 | -2.593 | -97,3 | 1,6 | 0,1 |
| VI | Investimentos reais | 79.331 | 77.269 | -2.062 | -2,6 | 48,5 | 79,7 |
| VII | Transferencias de capital | 64.573 | 6.600 | -57.973 | -89,8 | 39,4 | 6,7 |
| VIII | Activos financeiros | 7.476 | 5.386 | -2.090 | -28,0 | 4,6 | 5,6 |
| | **TOTAL** | **163.654** | **96.936** | **-66.718** | **-40,8** | **100** | **100** |